

## Saúde e transporte público son os servizos municipais que máis preocupan aos veciños de Nigrán.

Escrito por Alvaro Peralta  
Luns, 31 Xaneiro 2011 09:30

---



Sanidade pública, transporte público e mais a limpeza de estadas e praias son os temas que máis preocupan aos veciños de Nigrán, segundo os resultados da enquisa do BNG “Que Nigrán queremos?”. Os resultados deste traballo desenvolvido polos militantes nacionalistas serán os piares do seu programa municipal para as vindeiras eleccións de maio, segundo o adiantado pola agrupación. As 428 enquisas recollidas nas rúas e a través da Internet tamén expresan a preocupación da veciñanza polo abastecemento de auga, as actividades culturais e deportivas, as vivendas de protección oficial e o medioambiente.

O interese pola situación da sanidade pública acadou un 14% das respostas, mentres que o transporte público un 11% das mesmas. “Precisamente, estes dous primeiros resultados coinciden co anuncio da Xunta de que privatizará o futuro centro de saúde de Panxón e coa supresión do Noitebús, moi utilizado pola mocidade” opinan dende o BNG. “Ambos aspectos van claramente en detrimento da calidade dos servizos do municipio e así o expresaron os seus residentes”, agregan.

As 428 enquisas recollidas por tódala bisbarra “supón unha porcentaxe estatisticamente representativa da poboación adulta do municipio”, informan dende o bloque. Por iso tal como adiantaran os nacionalistas ao comezo da campaña, “sobre estes aspectos e os restantes temas priorizados no enquérito, BNG de Nigrán constituíu cinco grupos de traballo que van ser os encargados de elaborar o programa electoral da vindeiras eleccións municipais de maio.”